

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 14 DE XULLO DE 2008.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **DEZ HORAS E VINTE MINUTOS** do día **CATORCE DE XULLO DE DOUS MIL OITO**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos señores tenentes de Alcalde **DON MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e **D^a MARIA DOLORES GARCIA TROITIÑO** e o concelleiro **D^o GERARDO LAZARA MOREDA** e do Secretario acctal. da Corporación **DON DAVID GARCÍA LAREO**.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

1º.- SUBVENCIONS.-

2º.- CONTRATACIÓN.-

1º.- SUBVENCIONS.-

1.1.- OUTORGAMENTO DE SUBVENCIONS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS NO CONCELLO DE SILLEDA

Vista a Ordenanza Xeral de Subvencions do Concello de Silleda aprobada na sesión plenaria de 27 de xaneiro de 2.005.

Vista a convocatoria da subvención publicada no Boletín Oficial de la Provincia nº no BOP nº 63 do día 2 de abril de 2.008

Visto o informe de Intervención de data 14 de xullo de 2.008, no que se acredita que existe consignación suficiente para conceder a subvención

Visto o informe emitido pola Comisión de Valoración constituída ó abeiro do disposto no artigo 6 das BASES REGULADORAS ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA PARA O OUTORGAMENTO DE SUBVENCIONS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS NO CONCELLO DE SILLEDA, relativo á avaliación das solicitudes presentadas.

Vista a proposta provisional de resolución sobre a concesión das subvencions emitida polo órgano instructor en data 13 de xuño de 2.008 e as alegacións presentadas polos interesados en relación coa proposta provisional de resolución.

Vista a proposta definitiva de resolución emitida polo órgano instructor do procedemento en data 14 de xullo de 2.008

Visto que se cumpriron todos os trámites previos que marcan a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Silleda e as Bases Reguladoras Específicas da Convocatoria para o Outorgamento de Subvencións para Actividades Culturais no Concello de Silleda

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO: Desestimar ás alegación formuladas pola Asociación de Sociocultural de Cortegada, en data 26 de xuño de 2.008, con número de rexistro de entrada 3370, polos seguintes motivos:

- En relación á solicitude de que a subvención alcance o 50 % do custo total da actividade, de conformidade co artigo 3ª das Bases específicas reguladoras da convocatoria o importe da subvención non poderá superar o 50% do custo previsto das actividades programadas, sen que en ningún caso se estableza a obriga de que a subvención alcance tal 50 %. A contía da subvención outorgada é resultado da aplicación dos criterios de valoración fixados no artigo 8 das Bases reguladoras específicas da convocatoria para o outorgamento de subvencións para actividades culturais do Concello de Silleda, polo que non sería conforme ó ordenamento xurídico modificar tal contía discrecionalmente.

- En relación á petición de que o Concello subvencione a actuación do mago (350 €), novamente debemos remitirnos ó disposto no artigo 8 das Bases reguladoras específicas da convocatoria para o outorgamento de subvencións para actividades culturais do Concello de Silleda, que sinalaos criterios de avaliación das solicitudes e de conformidade cos cales se fixou a contía da subvención outorgada á Asociación Sociocultural de Corteganda, a modificación da cal, implicaría a vulneración das sinaladas Bases..

SEGUNDO: Conceder as seguintes subvencións ós beneficiarios que se indican a continuación de acordo co seguinte detalle:

Asociación/Colectivo	Importe €	Criterios de Avaliación			
		Fomento Difusión Cultural. Máx. 10 P.	Participación actividades Concello. Máx. 10 P.	Nº Participantes Máx 5 P.	Nº afiliados. Máx. 5 P.
Asoc. Cultural “Vista Alegre”	3.500,00	2	2	2	1
Asoc. Intercultural “Sta. Ferreña”	1.000,00	1	0	0,5	0,5
Asoc. Sociocultural “Adellis”	1.250,00	1	0,25	1	0,25
Asoc. Pao de Buxo	500,00	0,15	0,5	0,5	0
Asoc. Sociocultural de Cortegada	400,00	0,25	0	0,25	0,25
Colectivo para a recuperación do Castro de Toiriz	750,00	0,75	0	0,5	0,25

Asociación/Colectivo	Importe	Criterios de Avaliación			
Asoc. de Amigos do Grupo de Gaitas Carqueixas	500,00	0,15	0,5	0,15	0,8
Asoc. de Veciños Santiago Apostol de Taboada	400,00	0	0	0,15	0,60
Asoc. de Veciños Olaia de Silleda	1.500,00	0,5	1	1	0,5
Asoc. de Veciños de Manduas AVEMA	400,00	0,25	0	0	0,5
Asoc. de Mulleres do Municipio de Silleda	400,00	0,15	0,15	0,15	0,30
Asoc. de Mulleres Rurais Santa Isabel de Escuadro	400,00	0,25	0	0	0,5
Asoc. de Mulleres Rurais de Dornelas	400,00	0,05	0	0,5	0,20
Asoc. Amigos de Silleda	300,00	0,25	0	0,15	0,1
Asoc. Cultural Banda de Música de Silleda	13.550,00	10	9	4	4
Asoc. Musical, Recreativa e Cultural de Bandeira	13.300,00	10	9	4	3
Coral Polifónica Trasdeza	3.600,00	2	2	2	1,3
Asoc. Cultural “Xirandola”	4.350,00	4	2	1	2
Asoc. Cultural “Fortín da Pomba”	4.350,00	4	2	1	2

TERCEIRO: Notificar este acordo ós peticionarios así como lembrarllles que para a xustificación e pagamento da subvención deberán cumprir o establecido no artigo 9 das Bases reguladoras desta convocatoria.

2º.- CONTRATACIÓN.-

2.1.- “Demolición das edificacións das vivendas dos mestres do CEIP de Silleda”

Vista a necesidade deste Concello de contratar a obra de “Demolición das edificacións das vivendas dos mestres do CEIP de Silleda” cun prezo que ascende á cantidade de 4.640,00 (IVE incluído).

Visto que con data 11 de xullo de 2008, emitiuse informe de Intervención, no que se acreditaba a existencia de crédito suficiente e adecuado para financiar o gasto que comporta a celebración do contrato; e emitiuse informe sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente, aos efectos de determinar o órgano competente para contratar.

Visto que con data 11 de xullo de 2008, emitiuse Informe de Secretaría sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda:

PRIMEIRO. Levar a cabo as obras relativas a “Demolición das edificacións das vivendas dos mestres do CEIP de Silleda” mediante o procedemento do contrato menor, co contratista Excavaciones Benito, S.L., con C.I.F. B-36.253.490 e domicilio social no lugar de Moa, nº 15, parroquia de Martixe (Silleda) por un importe de 4.640,00 € (IVE incluído)

SEGUNDO. Aprobar o gasto correspondente á adxudicación da execución da obra con cargo á partida 422.212.00 do vixente Orzamento.

TERCEIRO. Unha vez realizada a obra, incorpórese a factura e tramítese o pago se procede.

CUARTO. Notificar a resolución o adxudicatario no prazo de dez días a partir da data deste acordo.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as once horas e dez minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretario acetal., dou fe.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO acetal,